CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE XUÑO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e cnco de xuño de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xuño de 2026, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_20260625090030000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2026 E SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2026

***Acceso á videoacta* – 00:00:40 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2026 e á sesión extraordinaria do día 6 de febreiro de 2026, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2026 e á sesión extraordinaria do día 6 de febreiro de 2026, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 29 de xaneiro de 2026 e á sesión extraordinaria do día 6 de febreiro de 2026.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 41.824,91 EUROS

***Acceso á videoacta* – 00:00:59 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 19 de xuño de 2026 (CVD: P4RpaaufN3sPBo7t19Qb), que transcrita di:

«PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto que Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do día 4 de xullo de 2025, acordou adxudicar o contrato baseado para a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil patrimonial, a través da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), á entidade “Zurich Insurance Europe AG, Sucursal en España” cunha prima total anual de 41.824,91 €

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vista a providencia do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 20 de maio de 2026 (CVD: hHI3cFdSTuWvmtTPG/EP), na que se dispón que polos servizos da Intervención municipal se proceda á fiscalización previa ao recoñecemento de obrigas, nos termos do artigo 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, da seguinte factura:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2026/574	17/02/2026	6236271280	18/07/2025	41.824,91	W0072130H	ZURICH INSURANCE, P.L.C.	POLIZA RESPONSABILIDAD CIVIL GENERAL Nº 147454698 FECHA EFECTO 18-07-2025 A 17-07-2026.	920	22400

Visto o informe da interventora accidental referencia recoñecemento extraxudicial de créditos, de data 20 de maio de 2026 (CVD: gwoIeSrPhxjivX5uOqdt)

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de maio de 2026 (CVD: fMujnSD7lEwktAC9v5xB)

Vista que a sesión ordinaria conxunta das comisións informativas permanentes en data de día 21 de maio de 2026, acordou ditaminar desfavorablemente a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de maio de 2026 (CVD: fMujnSD7lEwktAC9v5xB).

Vista a resolución de alcaldía núm. 398/2026, de 25 de maio de 2026 pola que se resolve convocar a sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 28 de maio de 2026 figurando na orde do día o punto 1.3. Proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 41.824,91 € o cal foi retirado, na propia sesión, antes de ser debatido.

Visto o informe da interventora accidental relativo á rectificación de criterio nos recoñecementos extraxudiciais de crédito propostos nas Comisións Informativas do día 21 de maio de 2026 asinado o 25 de maio de 2026 (CVD: 43bpu2l+f4IbUPhhj/Up).

Vista a providencia de alcaldía de 10 de xuño de 2026 na que se declara a existencia de razóns de interese público, urxencia e necesidade inaprazable que xustifican a tramitación prioritaria do expediente relativo ao contrato de seguro de responsabilidade civil patrimonial subscribido con Zúrich Insurance Europe AG, Sucursal en España e se ordea aos servizos económicos municipais que outorguen carácter preferente á tramitación da factura correspondente ao devandito contrato e a cantas actuacións resulten necesarias para garantir a continuidade da cobertura aseguradora e a efectividade da prórroga contractual prevista

Vista a dilixencia da interventora titular asinada en data 19 de xuño de 2026 (CVD: BQjFEgyJdG9BW9wZtqZd)

Visto o correo remitido pola alcaldía á interventora que subscribe en data 19 de xuño de 2026 no que se indica que *"Vista la diligencia de intervención incorporada al Expediente número 2026/G003/000537, se solicita que por la intervención se prepare con urgencia el Expediente para someter al Pleno la aprobación de la factura número 6236271280 de 18 de Julio de 2025 correspondiente a la póliza de Responsabilidad Civil general "*

Visto o informe da interventora titular asinado en data 19 de xuño de 2026 (CVD: QL+Vg5izdpVdUqqaujRf) no que se conclúe o seguinte:

> *"(...)* ***IV.- CONCLUSIÓNS.***
>
> ***1.-*** *Dacordo có disposto polo artigo 176 con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Para que se poida aplicar a excepción a dito principio dacordo coa cal as obrigas correspondentes a gastos debidamente comprometidos en exercicios anteriores poden ser imputadas ao exercicio corrente é* ***preceptivo*** *que previamente se incorporen o remanentes correspondentes.*
>
> *A pesar de que o artigo 191.3 do TRLFL dispón que "Las entidades locales deberán confeccionar la liquidación de su presupuesto antes del día primero de marzo del ejercicio siguiente. La aprobación de la liquidación del presupuesto*

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

corresponde al presidente de la entidad local, previo informe de la Intervención", a contabilidade do exercicio 2025 está sin pechar e a liquidación do citado exercicio sen aprobar e, polo tanto, o remanente correspondente ao gasto debidamente comprometido en 2025 (adxudicación, fase contable AD) NON consta incorporado á contabilidade municipal do exercicio 2026. En consecuencia como ***non estamos ante unha excepción ao principio de anualidade o órgano competente para aprobar o gasto é, ao abeiro do artigo 60.2 do RD 500/1990, o Pleno da Corporación****.*

2.- *Na contabilidade municipal do exercicio 2026 consta asento contable RC núm. De operación 220260001080 e número de referencia 22026001123 por importe e saldo de 41.824,91 € que garante a existencia de crédito axeitado e suficiente para a aprobación do gasto detallado na Providencia do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 20 de maio de 2026 (CVD: hHI3cFdSTuWvmtTPG/EP).(...)"*

Polo exposto, e polo que **se propón ao Pleno a adopcion do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2026 por importe de 41.824,91 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2026/574	17/02/2026	6236271280	18/07/2025	41.824,91	W0072130H	ZURICH INSURANCE, P.L.C.	POLIZA RESPONSABILIDAD CIVIL GENERAL Nº 147454698 FECHA EFECTO 18-07-2025 A 17-07-2026.	920	22400
			TOTAL	**41.824,91 euros**					

Segundo: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 19 de xuño de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 19 de xuño de 2026 (CVD: P4RpaaufN3sPBo7t19Qb), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

2.2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA ENTORNO DO RÍO MERO AO SEU PASO POLO CONCELLO DE CAMBRE

***Acceso á videoacta* – 00:20:14 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2026 (ás 14:58:49 horas), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, en sesión ordinaria de data 18 de xuño de 2026, que transcrita di:

"PROPOSTA

Visto o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamenteo,mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre. Cambre (A Coruña)

Visto o informe emtido por quen foi xefe da área de urbanismo e réxime interior en data 2 de decembro de 2025 (CVD: M5GaOk/xP7Pc8yllQp3A) no que, entre outras cousas, se sinala:

"3º.- Noutra orde de cousas, por este Concello, coa sinatura deste convenio, está a asumirse unha competencia que non lle é propia se non que é da Comunidade Autónoma tal e como ata o de agora xa a viña asumindo, como é a explotación, mantemento e conservación do entorno do río Mero e da obra hidráulica que iso implicou e implica, tal e como se deriva dos artigos 4 e 5 da Lei 9/2010 de Augas de Galicia e incluso do propio texto do convenio onde se indica no apartado primeiro da parte expositiva que unha vez terminada a obra do "Proxecto de acondiconamiento hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)" ésta sería cedida á Consellería de Medio Ambiente o que "O 19 de maio de 2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cedeu a Augas de Galicia as obras indicadas…..para o exercicio de competencias de acondicionamento, mantemento e conservación do entorno del río Mero"
En base a iso pois, e de conformidade co artigo 7-4 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, faise preciso o correspondente informe da Intervención municipal que se difiere de dito precepto respecto a que a cesión desta competencia non supoña por en risco a sostenibilidade financieira do conxunto da facenda municipal de acordo cos requirimentos da legislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financieira.

4º.- O órgano competente para a aprobación deste convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre sería o Pleno da Corporación por canto que a aprobación do mesmo implicaría a aceptación da delegación dunha competencia da Comunidade Autónoma como é o mantemento, conservación e explotación da obra hidráulica de acondicionamento do río Mero e a posta en valor do seu paseo fluvial, de conformidade co artigo 22-2 g) de Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local.

En base a isto, e previo informe favorable da Intervención Municipal sobre o particular unha vez determinados os compromisos económicos que se asumen por este Concello co dito convenio de colaboración, e tendo en conta que se trata dun acto discrecional e non reglado, considero que podería aprobarse, si así se estima pertinente, a suscripción deste "Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre".

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto informe emitido por quen foi interventora interina de data 4 de xuño de 2026(CVD: 3/76pzfwb1uUfklhxL3g), no que no seu apartado conlusións, sinala:

"IV) CONCLUSIÓNS

Fiscalización favorable coa seguinte observación*:*

- ***X*A:*** *A asunción dás obrigas económicas derivadas do mantemento, conservación e explotación dás instalacións obxecto do convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais dos exercicios nos que tales obrigas se produzan*."

Visto o informe de secretaría de data 15 de xuño de 2026 (CVD: tPJR93kmH/jSeBTzjcGX), no que se informa desfavorablemente o convenio.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar o Convenio entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamenteo,mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre. Cambre (A Coruña) que a seguir se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ENTORNO DO RÍO MERO AO SEU PASO POLO CONCELLO DE CAMBRE. CAMBRE (A CORUÑA).

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Diana Piñeiro Fernández, titular da alcaldía do concello de Cambre, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O 27 de novembro de 2002 a Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica del Norte, subscribiron un convenio de colaboración para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)".

O convenio enmárcase no ámbito dun plan de restauración hidrolóxico e de protección de rexeneración de canles e enclaves naturais que o Ministerio de Medio Ambiente puxo en marcha e que tiña por obxecto a execución dunha actuación de restauración hidrolóxica-forestal e de recuperación e mellora de distintas áreas incluídas no "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)".

Segundo o convenio, correspondía á Confederación Hidrográfica del Norte a aprobación do proxecto e a execución das obras, que foron financiadas pola dita confederación hidrográfica e por Augas de Galicia.

O convenio establecía unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado no caso de non ter finalizado as actuacións e na cláusula oitava prevía que "*unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que, a partir deste intre, farase cargo, a todos os efectos, da mesma".*

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

O 5 de xullo de 2007 a Confederación Hidrográfica del Norte comunicou á Consellería de Medio Ambiente que o 7 de xuño de 2007 se realizara a recepción das obras obxecto do convenio, manifestando na dita comunicación que a partir da data da recepción resultaba de aplicación a cláusula oitava do convenio.

O 19 de maio de 2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cedeu a Augas de Galicia as obras indicadas coa sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para o exercicio de competencias de acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero.

Na actualidade deben executarse determinadas actuacións para a posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña).

Segundo. Consonte ao disposto no artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia as entidades locais para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Concretamente, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia dIspón que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; parques e xardíns; conservación de camiños e vías rurais (artigo 80.2.d)); patrimonio histórico-artístico (artigo 80.2.e)); protección do medio ambiente (artigo 80.2.f)); actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e o turismo (artigo 80.2.n)).

Terceiro. Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

O 21 de xullo de 2025 a Dirección de Augas de Galicia aprobou a Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais ao abeiro do disposto nos artigos 1 da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos; nos artigos 4 e 11.9 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e en execución do recollido no Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia, incorporado á Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Cuarto. Para a consecución dos obxectivos establecidos o artigo 26.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser financeira e articularse a través do outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia.

Quinto. A Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais recolle entre as súas liñas prioritarias a seguinte

c) Posta en valor patrimonial, ambiental e turística dos ríos e ribeiras. Desenvolver accións que permitan recoñecer, divulgar e aproveitar de forma sustentable os valores naturais, culturais e recreativos dos ríos galegos. Isto inclúe iniciativas de educación ambiental, promoción turística sostible e integración dos espazos fluviais nas estratexias locais de desenvolvemento rural ou urbano.

A actuación para a posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña) obxecto deste convenio, englóbase no marco da liña de actuación transcrita.

Sexto. O 22.04.2025 realizouse un inventario de elementos existentes dentro da zona expropiada do río Mero e unha análise do seu estado de conservación. No mesmo documento que incluía o inventario realizouse unha valoración das actuacións necesarias para un mantemento axeitado do entorno e unha valoración dos elementos deteriorados

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

existentes. En dito documento non estaba valorada a reparación e mantemento das pasarelas de madeira ao ser necesaria a inspección de técnicos especialistas.

O 02.04.2025 ao abeiro do contrato de servizo de apoio técnico ás actuacións de conservación fluvial nas bacías da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa (OH.788.411) emitiuse informe de actuacións de mantemento no río Mero no que se concretan as actuacións necesarias para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero, incluíndo as relativas ás pasarelas de madeira.

Sétimo. Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da actuación para a posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña), a súa execución e a posterior entrega ao concello das obras do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)".

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular as condicións para que Augas de Galicia realice actuacións para a posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña) e ceda ao concello as obras do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)" situadas no termo municipal de Cambre.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1.- Levar a cabo as actuacións consistentes na posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña), que se concretan no informe de actuacións de mantemento no río Mero emitido o 02.04.2025 ao abeiro do contrato de servizo de apoio técnico ás actuacións de conservación fluvial nas bacías da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa (OH.788.411), para atoparse en condicións de ser entregado ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2.- Entregar ao Concello de Cambre a obra obxecto do Convenio para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)", asinado o 27 de novembro de 2002 e a posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña) que estea situada no termo municipal de Cambre.

3.- Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula cuarta.

4.- Durante o prazo de garantía das actuacións consistentes na posta en valor do paseo fluvial, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

5.- No ámbito das súas facultades, colaborar coa outra parte no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:

1. Recibir a obra obxecto do Convenio para a execución do do “Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)” , asinado o 27 de novembro de 2002 e da posta en valor do paseo fluvial do río Mero. Cambre (A Coruña) que, estea situada no termo municipal do Concello de Cambre e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación

2. Utilizar as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

3. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento das actuacións, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa obra hidráulica obxecto deste convenio.

CUARTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a oitocentos setenta e un mil douscentos vinte e catro euros con setenta e dous céntimos (871.224,72 €) imposto sobre o valor engadido incluído, que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aplicación orzamentaria 2025-06-82 542B 6110, con seguinte reparto por anualidades:

Exercicio	Importe
2025	72.602,06 €
2026	798.622,66 €
Total	871.224,72 €

QUINTA. TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras obxecto deste convenio de colaboración e asumirá o seu mantemento e explotación.

Augas de Galicia comunicará ao concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento dos compromisos de explotación, conservación e mantemento asumidos neste convenio.

O concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que terá lugar seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

Non obstante o anterior, e de selo caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndoas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha como empregador, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do concello para desenvolver as seguintes actuacións:

a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio

c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.
Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.
Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027. A cesión dos bens que se materializa con este convenio producirá efectos con carácter indefinido.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a redistribución interna entre as anualidades do crédito en principio determinado para cada unha delas, que poderán ser reaxustadas por Augas de Galicia atendendo ao ritmo de execución das actuacións sempre que non se incremente o seu importe global.

UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Este convenio poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

a) O mutuo acordo entre as partes asinante

b) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

c) A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das actuacións.

d) A necesidade de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1.- É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/medio-ambiente/plan-augas-galicia-2024.pdf

2.- Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimizadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3.- A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.


Anexo I. Planos das obras do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)"

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27



CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27



CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27



CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27




CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177




CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27




CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27






CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27



CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177


CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27




CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

CVE: XGREX-6deedb5f-e22d-387e-9fcd-9ce224155b4c Emitida: 14/11/2025 09:05:27





".

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez,

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

(Cando son as once horas e cincuenta e tres minutos auséntanse do salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós e o concelleiro Sr. Barrientos Morales)

(Cando son as once horas e cincuenta e catro minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleior Sr. Barrientos Morales, e ás once horas e cincuenta e cinco minutos o concelleiro Sr. González Leirós)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Abstencións: Dúas (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2026 (ás 14:58:49 horas).

2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN CUADRAXÉSIMO SEXTA DO ORZAMENTO MUNICIPAL REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 00:58:15 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 11 de xuño de 2026 (CVD: SIpucWH3WGCZKsWJY0J1), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, en sesión ordinaria de data 18 de xuño de 2026, que transcrita di:

«**PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS**

Visto que a resolución da alcaldía núm. 19/2026 de 15 de xaneiro de 2026 resolveu prorrogar ao ano 2026 o orzamento municipal de 2025.

Visto que, ao abeiro da Circular 1/2019 da Intervención Xeral da Administración do Estado, non foron prorrogados os créditos correspondentes ás subvencións previstas nominativamente na base 46ª das de execución do orzamento municipal 2025

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que o obxecto de tales subvencións é o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso 2025/2026, as cales, non só son un complemento na formación académica dos nenos e nenas senón que tamén configúranse como unha medida clave para a conciliación laboral e familiar.

Polo anterior, por providencia do 09.06.2026 (CVD: cB2KUt3CH8mrP3rJD+CJ) dispuxen o inicio do expediente de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento 2025 prorrogado ao exercicio 2025

A interventora emitiu informe MODIFICACION BASE NOMINATIVAS/2026 o 09.06.2026 (CVD: OdS/QDVhGdq5QnVPbeAQ) coas seguintes conclusións:

> *"(…/…)* ***IV) CONCLUSIÓNS.***
>
> *Informáse favorable con observacións sobre o principio de anualidade e o crédito disponible.* (…/…)"

Polo anterior, PROPOÑO ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) reguladora das subvencións nominativas coa finalidade de engadir un apartado BIS.- do seguinte tenor literal:

> *"BIS.- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2026, acorda mantenerse o seu carácter nominativo.*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	***SUBVENCION NOMINATIVA***	***IMPORTE***
326.489.02	*Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ 2026*	*32.120,00*
326.489.03	*Convenio ANPA CEIP PORTOFARO 2026*	*20.020,00*
326.489.04	*Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ 2026*	*19.759,00*
326.489.05	*Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER 2026*	*22.571,60*
326.489.06	*Convenio ANPA CEIP O GRAXAL 2026*	*20.342,00*

".

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de xuño de 2026, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de xuño de 2026 (CVD: SIpucWH3WGCZKsWJY0J1), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

2.4. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE DO EXERCICIO 2024

***Acceso á videoacta* – 01:13:26 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2026 (CVD: vy+L5RHRqgRWzc9DI4Vk), que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Conta Xeral se regula nos artigos 208 ao 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no Real decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Instrución do Modelo normal de Contabilidade Local, aprobado por Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas 1781/2013, de 20 de setembro.

A Conta Xeral do exercicio 2024 está integrada, únicamente, pola do Concello de Cambre xa que non ten organismos autónomos nin sociedades mercantís cuxo capital sexa integramente da súa propiedade, e reflicte a situación económico-financeira e patrimonial, os resultados económico-patrimoniais e a execución e liquidación dos orzamentos.

A regra 45 da ICAL establece que as entidades locais formarán a conta xeral integrada por:

a) Balance.
b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
c) Estado de cambios no patrimonio neto.
d) Estado de fluxos de efectivo.
e) Estado de liquidación do Orzamento.
f) A Memoria.

A mesma regra sinala que aos estados anuais xuntarase a seguinte documentación:

a) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio, e
b) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nelas a favor da entidade local ou dos organismos autónomos, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

De conformidade co disposto no artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, a rendición da Conta Xeral formada pola Intervención corresponderá ao Alcalde.

En canto a súa tramitación, a Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2024 foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas da entidade local na sesión do 27.03.2026. Posteriormente cumprimentouse o trámite legal de exposición ao público previsto no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e publicouse un edito no Boletin Oficial de Provincia núm. 60 de data 31-03-2026 para que durante o prazo dos quince días hábiles seguintes os interesados puidesen presentar reclamacións, reparos e observacións.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

En data 08-04-2026 recíbese a través do rexistro electrónico de Cambre, co núm. de rexistro: 202699900002085, escrito denominado "*Alegación ao informe da Intervención sobre a Conta Xeral do exercicio 2024*", presentado pola Sra. voceira do Grupo Municipal Unión por Cambre.

O 20-05-2026 a interventora accidental emitiu un informe có asúnto "*Informe relativo ás reclamacións, reparos e observacións efectuadas á Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2024, durante o prazo de exposición ao público*" (CVD: eh0BSGXLVnW6wszHlTYm) no que indica que *"(...)Visto o contido da alegación recibida ao informe de Intervención á conta xeral 2024, afírmase que non se trata dunha alegación á Conta Xeral presentada por canto non se fundamenta ningún incumprimento desta. Ante o que a súa tramitación continuará co seu procedemento, facendo constar que* ***non se presentaron alegacións á conta xeral de 2024 dentro do prazo establecido****. (...)"*

Vista a documentación que consta no expediente 2026/G006/000040, da que se da traslado aos concelleiros e concelleiras.

Por todo o anterior**, propoño ao Pleno da Corporación:**

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2024, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.»

(Cando son as doce horas e catorce minutos auséntanse do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes e o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as doce horas e dezaseis minutos reincorpóranse ao salón de sesóns a concelleira Sra. Prieto Miramontes e o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

(Cando son as doce horas e dezasete minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal, que se reincorpora ás doce horas e dezanove minutos)

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a interventora municipal, Sra. Mata Rodríguez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Abstencións (7), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2026 (CVD: vy+L5RHRqgRWzc9DI4Vk).

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

2.5. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 01:36:16 horas**

A Sra. Presidenta dá conta da proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2026 (CVD: nbZg0HxL5qARcRf+hOor) relativa á aprobación da modificación da base de execución cuadraxésimo sexta do orzamento municipal reguladora das subvencións para incluir a nominatividade da subvención a Sementeira, anualidade 2025, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que ante a necesidade de poder levar a cabo a tramitación deste convenio relativo á subvención nominativa da asociación de Sementeira tráese ao pleno da Corporación a urxencia deste tema, pola necesidade de levar a tramitación canto antes.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da proposta, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2026 (CVD: nbZg0HxL5qARcRf+hOor), que transcrita di:

«**PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS COA FINALIDADE DE INCLUIR Á ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE ANUALIDADE 2025.**

Considerando que a resolución da alcaldía núm. 19/2026 de 15 de xaneiro resolveu prorrogar o orzamento municipal do exercicio 2024 ao exercicio 2026.

Considerando que o artigo 22 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva pero que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos das Entidades Locais.

Considerando que de conformidade có establecido na base SEGUNDA das de execución do orzamento municipal do exercicio 2024 prorrogado ao exercicio 2026:

> *"**BASE SEGUNDA: ÁMBITO DE APLICACIÓN***
> *De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, estas Bases só estarán en vigor durante a vixencia do Orzamento Xeral correspondente ao presente exercicio e, se é o caso, durante a prórroga deste."*

Considerando que a base CUADRAXÉSIMO SEXTA das de execución do orzamento municipal do exercicio 2024 prorrogado ao exercicio 2026 contempla as subvencións nominativas a conceder polo Concello de Cambre entre as cales figura como beneficiaria a Asociación Sementeira Cambre.

Considerando que, xa que en aplicación da Circular 1/2019 da Intervención Xeral da Administración do Estado os créditos correspondentes ás subvencións previstas nominativamente na base 46ª das de execución do orzamento municipal 2024 non foron prorrogados 2026, o concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico ditou a resolución número 497/2026 de 22 de xuño de 2026 pola que

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

se aproba a modificación de crédito número 5/2026 e se dota a aplicación orzamentaria 334.489.01 cun importe de 63.000,00 € (RC núm. De operación 220260001441 e núm. De referencia 22026001262)

Considerando que a entidade Sementeira Cambre é unha asociación sen fin de lucro constituída no ano 1978 e que así consta inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Veciñais de Cambre por Resolución de Alcaldía de data 20/08/1993. Dende esa data ven desempeñando unha labor educativa no campo da formación musical e unha labor cultural na promoción de grupos musicais afeccionados, dirixida a escolares, mozos e adultos do Concello de Cambre e outros limítrofes. Se ben durante os primeiros anos a súa actividade centrouse na cultura popular, música e o baile tradicional galego, dende fai máis dunha década está a funcionar coma escola de música. Proba deste labor docente continuada son as distintas formacións musicais con que conta, sendo a máis salientable a banda de música "Sementeira" e os/as distintos alumnos/as que iniciados na escola, posteriormente optaron pola carreira profesional.

Considerando que a música é unha manifestación cultural de primeira orde e un recurso educativo e cultural importante para o desenvolvemento persoal, profesional e social da infancia, da mocidade e da poboación en xeral.

Considerando que o Concello de Cambre ten competencias na promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local; e no artigo 80.2 apartado n) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia. E así mesmo considera de gran importancia á educación musical da poboación interesada, de todas as idades e a práctica musical dos grupos artísticos afeccionados.

Polo anterior, por providencia do 23.06.2026 (CVD:UFAqHhCCUw/ba+7g2hcT) dispuxen o inicio do expediente de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento 2024 prorrogado ao exercicio 2026 coa finalidade de incluir un apartado BIS 2 que contemple a nominatividade dunha subvención a favor da Asociación Sementeira Cambre 2025

A interventora emitiu informe referencia LMR MODIFICACION BASE NOMINATIVA_ASOCIACIÓN SEMENTEIRA / 2026 en data 23.06.2026 (CVD: T3BzgBDrVeGW/eO7dl8K) coas seguintes conclusións:

"(…/…) ***IV) CONCLUSIÓNS.***

Infórmase **desfavorablemente** porque estase a vulnerar o principio de anualidade regulado no artigo 176 do TRLFL

Recódarse neste punto que a Asociación Sementeira Cambre ten autorizado o uso temporal do edificio municipal Escola de Música dende o exercicio 2011, o que constitúe unha grave irregularidade e un beneficio a unha entidade á que o concello xa subvenciona de forma importante no seu funcionamiento ordinario.

O investimento efectuado polo Concello de Cambre no edificio adicado a Escola de Música Municipal sito en Sigrás, foi das máis importantes nos últimos anos e superou os 600.000,00 euros. Unha vez rematado tal investimento o Concello de Cambre debeu decidir cómo ía a xestionar o edificio e o servizo público de formación musical ao que parece adicado, de acordo coas normas aplicables a este suposto. Agora ben, unha vez revisado o programa de tramitación administrativa Tedec así como a contabilidade municipal, constátase a tramitación dun contrato menor así como o correspondente pago do mesmo sen que, á data de sinatura do presente informe, figure actuación algunha posterior do Concello de Cambre tendente a regularizar a situación no uso do referido edificio municipal por parte da Asociación Sementeira Cambre:

- A resolución de alcaldía número 1015/2019, de 23 de maio (CVD: DwUNRIBmA+fChQDc9A25) resolveu adxudicar á Universidade da Coruña (UDC), con CIF Q6550005J e por importe de 7018,00 euros (21% IVE Incluído), o contrato menor expediente número 2019/C002/000071 có obxecto "*elaboración dun informe sobre a organización e funcionamento da actual escola de música e as fórmulas xurídico-administrativas dispoñibles*

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

para a xestión sustentable da Escola Municipal de Música de Cambre". A citada resolución non lle foi notificada á Universidade da Coruña (UDC) senón que se notificou a un domicilio particular situado no Concello de Cambre.

- A Universidade da Coruña (UDC) emitiu a correspondente factura a cal foi pagada o 04.01.2021:

Núm. Operación	Núm. Referencia	Aplicación	Importe	CIF	Nome	Concepto	Núm. Fra.	Data fra.
220211000713	22020004267	2020 334 22706	7018,00	Q6550005J	UNIVERSIDAD DE LA CORUÑA	INFORME SOBRE DISTINTAS OPCIONES JURÍD.-ADMINISTRAT. PARA GESTIÓN SUSTENTABLES ESC. MÚSICA SEMENTEIRA Y PROP. DE ACTUAC.	20200000000001200	22.12.2020

Asemade, a secretaria xeral xa adverteu do seguinte na súa nota informativa núm.72/2022 asinada o 30.12.2022 (CVD: Rs0HSGkjThca2ec+GkuR):

"(…)Consultado o Inventario de bens e derechos do concello de Cambre obrante nesta Secretaría, consta co número de orde 97 o ben identificado como "Escola de Música" sito no lugar de Souto- Sigrás, coa natureza de dominio público, servizo público.

O Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se arpoba o Regulamento de Bens das Entidades locais establece no arttigo 74 que:

"1. La utilización de los bienes de dominio y uso público se regirá por las disposiciones de esta sección.

2. El uso de los bienes de servicio público se regirá, ante todo, por las normas del Reglamento de Servicios de las Entidades locales y subsidiariamente por las del presente.

3. Las normas del Reglamento de Servicios serán asimismo de preferente aplicación cuando la utilización de bienes de uso público fuere sólo la base necesaria para la prestación de un servicio público municipal o provincial."

De acordo co disposto no Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servicios das corporacións locais, os servizos de competencia das entidades locais poderán prestarse mediante concesión administrativa, agás nos casos en que estea ordeada a xestión directa (artigo 114 RSCL).

As concesión de servizos debe realizarse previa licitación pública (artigo 116 RSCL) de acordo co disposto na Lei de contratos do sector público, a través dos procedementos regulados en dita Lei e con respecto aos principios de libre concurrencia, igualdade e transparencia.

Polo tanto, a cesión á Asociación Sementeira Cambre do inmoble da Escola de música constitúe un acto ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido e polo tanto, nulo de pleno dereito (o artigo 116 do RSEL dispón que serán nulas as concesións que se outorguen sen axustarse ás formalidade que se establecen nos artigos seguintes e, para o non disposto neles, no Regulamento de contratación das Entidades locais, , e o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.1 e) e f) establece, entre outras, como causas de nulidade de pleno dereito dos actos administrativos" e) Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados"), polo que procede poñer fin ao uso en precario e licitar a concesión do servicio.(...)"

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación da base cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento municipal 2024 prorrogado ao exercicio 2026, reguladora das subvencións nominativas, coa finalidade de engadir un apartado BIS 2.- do seguinte tenor literal:

"BIS 2.- No exercicio 2026, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, outorgarase a subvención nominativa que seguidamente se detalla ao perceptore e polo importe máximo que se indica.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	***SUBVENCION NOMINATIVA***	***IMPORTE***
334.489.01	*ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE 2025*	*63.000,00*

".

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

(Cando son as doce horas e trinta e sete minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, quen se reincorpora ao salón cando son as doce horas e trinta e oito minutos)

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2026, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2026 (CVD: nbZg0HxL5qARcRf+hOor), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

***Acceso á videoacta* – 01:49:11 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 01:49:13 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que só unha das mocións presentadas por UxC é unha moción, e que a outra é un rogo e pregunta se desexan cambialo por outro.

Intervén o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro quen manifesta que non van cambiar a moción por un rogo.

***Acceso á videoacta* – 01:50:13 horas**

A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar á necesidade de atender e acordar a execución das infraestruturas previstas no plan sectorial viario na área metropolitana da Coruña, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. González Leirós di que a urxencia vén dada porque agora mesmo estase tramitando no Parlamento español o traslado da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma; que ademais coincide con que se está desenvolvendo o proxecto da Vía Ártabra; que polo tanto cren que é urxente que o Concello de Cambre tome actitudes e posición respecto deste tema para trasladar ás administracións e posibilitar un diálogo entre o concello e as administracións, tanto central como autonómica, para ver se sacan este tema adiante.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900004101 o día 18 de xuño de 2026, que transcrita di:

«MOCIÓN PARA INSTAR Á NECESIDADE DE ATENDER E ACORDAR A EXECUCION DAS INFRAESTRUTURAS PREVISTAS NO PLAN SECTORIAL VIARIO NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

Faise necesario, aínda sendo reiterativos, recordar cales son os Obxectivos de Política Territorial a conseguir fixados no Plan Sectorial viario da Área da Coruña de Política Territorial, aprobado no ano 2004.

Fai XA 22 anos que se declararon imprescindibles para dotar a Área de funcionalidade e Eficacia. Obxectivos que non foron atendidos na súa totalidade senón que algúns dos previstos nin sequera se iniciaron.

Estes Obxectivos se centran na consecución de:

a) DESENVOLVEMENTO SOCIO - ECONÓMICO:
b) A "VERTEBRACIÓN TERRITORIAL: EN BUSCA DE EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESION SOCIAL.
c) PROTECCION DO MEDIO NATURAL.

Para conseguir estes obxectivos fixaba os seguintes requisitos a cumprir:

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- A NON EXISTENCIA DE ÁREAS DE PEAXE
- CONSOLIDACIÓN DUNHA MALLA VIARIA
- PROGRAMACIÓN E DOTACIÓN DE ORZAMENTO
- RESPETO AOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN AS ESTRUTURAS AMBIENTAIS.

En definitiva a solución, de trazado, debe ser aquela, de todas as posibles, que dea mellor resposta, xustificada, os obxectivos plantexados.

O non atender a estas consideracións na redacción e execución dos proxectos, que desenrolen o Plan Sectorial e condenan ao Plan Sectorial ao fracaso, producindo, ademais, efectos xurídicos non desexados.

A Área da Coruña ven reivindicando un trato igualitario coas Áreas de Santiago e Vigo-Pontevedra, en canto a liberalización dos peaxes. Propoñendo liberalización da peaxe na AP9, dende a peaxe de Guísamo e incorporando, se e posíbel, Betanzos neste pantexamento.

É necesario que a Área da Coruña reivindique as súas necesidades de Mellora da Mobilidade mediante a execución das necesarias infraestruturas previstas no Plan Sectorial cumprindo os obxectivos previstos.

Non cabe dúbida que no ámbito da Área da Coruña se está formalizando un tecido de continuidade Urbana nun eixo entre Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada que reivindica, no día a día, a necesidade de infraestruturas para a relación con Eficacia e Eficiencia.

Como resposta a este problema no ano 2004 aprobouse o Plan Sectorial Viario.

Ese mesmo disto fala o Plan Director de Estradas de Galicia do ano 2008, que no apartado 3.4 “Rede Arterial de A Coruña”, confirma esta necesidade e co seguinte comentario*:*

*“**Un primeiro cinto.** (No apartado de “Accesos aos principais equipamentos e Mellora dá calidade de vida), sinalando un viario que parte de Sta Cruz(Oleiros) ou Graxal (Cambre) e de aí á autoestrada, AP-9. Este último defínese como vial 11- 17.*

***Un segundo cinto**: (Non apartado de Eixes estrutúrantes: Onde colócase a Vía Ártabra dende Lorbé a A-6.*”

Todos estes documentos plantexan a necesidade de culminar estas infraestructuras xa non para o futuro senón para presente de hoxe en día.

O tecido empresarial necesita mellorar a súa Competividade. E para elo e imprescindible que os Polígonos industriais deben estar conectados de forma que funcionen como un solo Polígono mediante conexión axeitadas

A cidadanía, en xeral, que desenrola a súa actividade na Área esta necesitada destas Vías os seus desprazamentos sexan máis Eficaces e Funcionais, no dia a dia. As poboacións por onde pasan as actuais vías de conexión necesitan ser liberadas para acadar unha mellor calidade de vida.

Co exposto, entendemos xustificada a necesidade de acometer estas infraestructuras e queda comprobado que xa imos tarde.

Este non é un problema de Sada, Oleiros, Culleredo, Cambre ou Arteixo, este é un problema de conxunto, de funcionalidade da Área, da Eficacia e Produtividade das empresas e da Eficacia e seguridade viaria do conxunto da Cidadanía que XA VIVE E SUFRE unha realidade a que as administracións non sabe ou non quer dar resposta. Ao problema ou se lle da solución no ámbito da Área ou só será un parche, en ningún caso a solución que se require.

Entendemos que este é un momento propicio para volver a poñer enriba da mesa estas reivindicacións.

Por unha parte, estase a avanzar nas condicións de traspaso da AP9 do Estado á Comunidade Autónoma. Faise absolutamente imprescindíbel buscar acordos que fagan posíbel, canto antes, que esta infraestrutura pase a mans da

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Comunidade Autónoma. Este traspaso beneficia a resolución das dificultades que neste momento se ten coa concesionaria da AP9 é, polo tanto, facilita un acordo na solución final do trazado.

Por outra, por parte da Xunta, estase coa redacción do proxecto de trazado para rematar a Vía Ártabra na A6, pasando pola AP9.

E coincidindo, no tempo, a Cidade da Coruña toma a iniciativa de convocar aos concellos da Área para acordar unha folla de ruta metropolitana co obxecto de abordar temas de interese común.

POLO EXPOSTO PROPOÑEMOS:

1.- Aprobar o traslado á convocatoria do Concello Da Coruña da necesidade de reivindicar estas actuacións, incorporándoas ao listaxe de asuntos a tratar na convocatoria do Concello da Coruña para o dia 30.

2.- Plantexar ante a Consellería a necesidade de obter respostas sobre como os proxectos en redacción teñen en conta os obxectivos previstos no Plan Sectorial. Non se fala dos desenrolos técnicos, que non nos corresponde, senón de como os Obxectivos de Política Territorial que se plantexan no Plan Sectorial aprobado, se implementan nos Proxectos de desenvolvemento.

3.- Trasladar aos partidos políticos a necesidade de chegar a un acordo para o traspaso da AP9 á Comunidade Autónoma.»

(Cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas, quen se reincorpora ao salón de sesións cando son as doce horas e cincuenta e catro minutos)

(Cando son as doce horas e cincuenta e catro minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir, quen se reincorpora ao salón de sesións cando son as doce horas e cincuenta e seis minutos)

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 02:16:11 horas**

Non se dá conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

4.2. DACIÓN DE CONTA DO CERTIFICADO ASINADO O 5 DE XUÑO DE 2026 POLA INTERVENTORA INTERINA E O CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN,

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO NO QUE SE RELACIONAN AS FACTURAS A INCLUÍR NO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES 2026

***Acceso á videoacta* – 02:16:14 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do certificado asinado o 5 de xuño de 2026 pola interventora interina e o concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico no que se relacionan as facturas a incluír no mecanismo de pago a provedores 2026 (CVD: qOf/zL5YAzzjPgamHNZO).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro.

(Cando son as trece horas e dezanove minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á interventora municipal, Sra. Mata Rodríguez.

4.3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POR DONA MARÍA DOLORES PAN LESTA EN DATA 12 DE XUÑO DE 2026 (NÚM. REXISTRO 202699900003934)

***Acceso á videoacta* – 02:20:07 horas**

A Presidencia dá conta do escrito presentado por dona María Dolores Pan Lesta en data 12 de xuño de 2026 (núm. rexistro 202699900003934) que, entre outras cousas, di:

> "(...)
>
> **EXPOSICIÓN**
>
> Que recentemente se recibiu unha demanda que se tramita ante o Tribunal de Instancia Sección do Social, en relación coas miñas actuacións sendo concelleira de goberno e alcaldesa deste goberno, polo que adxunto documento no que dou coñecemento ao concello desta situación
>
> **SOLICITUDE**
>
> Solicito se tome coñecemento deste escrito e se proceda nos termos que sexan precisos
>
> (...)"

4.4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 02:20:17 horas**

(Cando son as doce horas e vinte minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)

A Presidencia concede o uso da palabra á secretaria xeral, Sra. Pastor Novo, quen unha vez concedido manifesta que por un erro non se subiu ao Portal de Cargos Electos a relación de resolucións e acordos,

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

polo tanto, quedan pendentes para a vindeira sesión, independentemente de que se lles remitan canto antes.

4.5. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 02:20:57 horas**

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 20269990000413 o día 19 de xuño de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:21:05 horas

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

"A asociación de veciños de San Lourenzo veñen de referirnos unha serie de problemas que están sufrindo os veciños e veciñas no seu día a día. Para empezar a iluminación pública do parque infantil leva meses sen funcionar porque, ao parecer, se a conectan salta a iluminación pública da estrada. Tamén hai problemas coa viga do soportal do local social que precisa ser substituída así como a fachada do local que precisaría dunha actuación. A estes problemas súmase o problema de seguridade viaria que padecen os veciños e veciñas da parroquia xa que pola estrada xeral pasan coches a moita velocidade nunha estrada que ademais de ser estreita, carece de espazos seguros para os peóns. Esta estrada conta cun tráfico importante ao ser utilizada por veciños de varios puntos do concello para acceder á A-6 na Rocha.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno local que tome medidas que palíen os problemas que están a padecer os veciños de San Lourenzo de Meixigo, empezando por actuar sobre os aquí expostos."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:22:33 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

"Hai case un ano que se colocou unha prancha metálica xunto á igrexa de Cecebre e recentemente valouse e colocouse outra debido a que a canalización que hai do regato que discorre baixo a estrada rompeu e levouse por diante o asfalto. Visto o perigo que entraña dita situación e que a principios de agosto son as festas patronais, rogamos se resolva de forma urxente este problema tendo en conta que, de non actuar, o problema podería ir a maiores e provocar novos desprendementos."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:26:15 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Matos.

"Tendo en conta que rematou o curso escolar e o verán é o momento de poder traballar nos centros educativos con máis tranquilidade, solicitamos que se tramite o correspondente contrato para a limpeza

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

dos canlóns dos colexios públicos de Cambre e se faga esa limpeza antes de comece o próximo curso escolar."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Alcantarilla Rei.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900004138 o día 19 de xuño de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:29:30 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

"O Concello de Cambre ten unha grande falta de persoal en todos os departamentos, e este non é novo e sabémolos todos.

Lévase tempo arrastrando esta situación e non se están aproveitando as subvencións que hai para contratar xente. De feito, xa se perderon axudas de emprego por non ter as contas presentadas.

Agora mesmo está publicada unha nova convocatoria de subvencións para contratar xente nova do Sistema de Garantía Xuvenil, financiada polo Fondo Social Europeo Plus-Galicia 2021/2027, con contratos de nove meses para darlles experiencia laboral.

O prazo para pedila termina o 13 de xullo.

Por iso, rógase que o Concello a solicite dentro de prazo e non se deixe pasar outra oportunidade máis de traer persoal e reforzar servizos, que boa falta fai."

(Cando son as trece horas e trinta mnutos auséntase do salón de sesións a concelleria Sra. Varela Germade)

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Interveñen o Sr. Alcantarilla Rei, a Sra. alcaldesa e a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:32:01 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

"Co fin do curso escolar e o inicio do período de vacacións, ábrese o momento adecuado para realizar as obras de mellora, reparación e mantemento nos centros educativos do municipio, ao non haber alumnado nas instalacións.

Por iso, rógase que se presente un informe detallado que recolla:

- As necesidades trasladadas polas direccións dos centros educativos.
- As actuacións que, segundo se comunicou, foron elevadas á Dirección Territorial.
- As intervencións que supostamente vai executar a Xunta de Galicia, tal e como se anunciou en distintos medios.
- E, finalmente, as actuacións de mantemento e mellora que vai asumir directamente o Concello.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Solicítase esta información de forma clara e completa para evitar que se anuncien actuacións que despois non se executan, e para poder facer un seguimento real do que se di e o que finalmente se fai nos centros educativos."

(Cando son as trece horas e trinta e dous minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Varela Germade)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Lamas, a Sra. alcaldesa, a Sra. Pan Lesta e a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:40:16 horas**

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

"Nas Comisións Informativas do pasado mes de outubro presentouse un rogo relativo á organización das áreas de Urbanismo e Réxime Interior. Naquel momento púxose de manifesto que o responsable de ambas áreas atopábase nunha situación próxima á xubilación, e solicitouse que, aproveitando a dita circunstancia, se separasen ambas áreas por tratarse de ámbitos de xestión amplos e con competencias claramente diferenciadas. Este rogo foi aceptado polo goberno, indicándose ademais que a devandita separación era necesaria.

Pasaron aproximadamente oito meses desde entón. O responsable xa se xubilou e, segundo a información da que dispoñemos, actualmente non existe un responsable titular nas áreas de Urbanismo e Réxime Interior. Consideramos que houbo tempo máis que suficiente para planificar e executar unha solución a esta situación.

Por todo iso, reitérase o rogo para que se dea prioridade máxima á reorganización e cobertura destas áreas, co obxectivo de garantir o seu correcto funcionamento.

Non queremos que nos conten os seus desexos e intencións, queremos e solicitamos que se nos dean solucións."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900004140 o día 19 de xuño de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:41:51 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"No momento da redacción deste rogo, a auga de subministración de Cambre, aparece, como así o vimos denunciando, con unha turbidez que non aconsella dende logo a súa utilización: e os veciños sen saber o porqué (ao igual que nós).

Vemos tamén como as cunetas están cheas de maleza a estas alturas do ano, sen que se saiba cando "vai tocar" a roza no lugar onde vivimos.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

E as estradas cheas de fochancas, fai que busquemos na medida do posíbel unha ruta que non pareza estar en zona de guerra.

Todo isto, merece dunha explicación ampla e clara que manteña á veciñanza informada, que é obrigada para quen mantén a alcaldía neste intre.

E moito mellor ser o máis claro posíbel diante de tanta incógnita, e non este silencio que fai que a xente pense en deixar de pagar calquera imposto. Polo que,

SOLICITAMOS:

Que diante de calquera tipo de anomalía de funcionamento do Concello de Cambre, se lle dea traslado á cidadanía dos porqués, e para cando se ten previsto a solución, engadindo as desculpas correspondentes. Úsese para iso tanto a comunicación pola páxina oficial do concello, como as comunicacións en papel en que se adoita facer para outros menestreis."

(Cando son as trece horas e corenta e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e corenta e seis minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:48:02 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Os locais municipais, e a súa relación, foinos entregada este xoves pasado, despois de innumerables peticións de cantos son, onde están, que asociacións as utilizan e que actividades se levan a cabo neles.

A señora concelleira dixo que era unha listaxe provisional, pero nós dende o BNG dicimos que non abrangue todas as nosas peticións de información de algo tan básico sobre o noso patrimonio, e a oferta que se fai dende elas.

Calquera entende que esa rede de locais é básico para crear sociedade, e que a súa xestión debe ser básica para o departamento correspondente de Cultura, pero vemos que a día de hoxe non teñen como prioritario a boa xestión das bases da cultura.

Que actividades se levan a cabo neses locais? Con que asistencia? Canta xente queda fóra delas, e por que motivo? Hai solicitudes doutras asociacións para partillar os espazos? Ou mesmo como tamén se tratou: poden solicitarse para outros usos por parte da veciñanza?

Señora concelleira, traia os deberes feitos, e conteste ben oralmente, ou mándenos de inmediato por escrito toda esta información, que afecta a tantos centos de persoas.

Por todo isto,

SOLICITAMOS:

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

que se solucione dunha vez o prometido diante deste pleno, e se nos dea traslado a todos os grupos municipais da documentación requirida de xeito claro e diáfano."

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:54:37 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Recentemente saíu publicado na prensa e nas redes sociais, que o concello aumentou o número de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, o cal alédanos pois dende o BNG levámolo demandámolo dende hai moito tempo. Esperamos que se sigan aumentando, pois observamos que no exterior dos locais de vida social non se pintou ningún novo (aquí entran tamén as igrexas).

Despois dese primeiro paso para mellorar a mobilidade da xente, agora esperamos que a colocación de bancos de abondo que consigan un descanso no andar da xente con dificultades.

Esta concelleira leva con este asunto tanto tempo (xa gobernando UXC) que podería entrar en aburrimento, máis non será así, porque esa necesidade é real, e hai que darlle solución. Polo que,

SOLICITAMOS:

Que polo departamento correspondente se faga unha avaliación destas necesidades, e se proceda a seguir o procedemento necesario para dotar de bancos dabondo garantindo a saúde e seguridade dos/as nosos/as concidadáns/ás."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900004143 o día 19 de xuño de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:56:42 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

"Queremos volver a insistir sobre o estado do Ramón Barba e volver a trasladar o aborrecida que está a veciñanza da zona co estado do lugar.

Rogamos se faga un comunicado público nos medios municipais explicando á veciñanza a situación sobre cal é o estado actual da obra e as previsións para avanzar."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. González Leirós, a Sra. Prieto Miramontes, a Sra. Prieto Lamas, a Sra. alcaldesa e o Sr. Castro Uzal.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:02 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

“Trasladáronnos que algunhas prazas de aparcamento de mobilidade reducida pintadas no Temple non contan coa accesibilidade necesaria, posto que están situadas en espazos onde as beirarrúas non contan con rampla para persoas usuarias de cadeiras de rodas ou outro tipo de axudas técnicas con rodas. Rogamos se estude mellorar a accesibilidade das prazas.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:28 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Rogamos, como outros anos, se coloque no portal de transparencia o programa de contratación previsto para este ano. Para que a veciñanza poida coñecer as prioridades e a previsión do actual goberno nesta área.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

4.6. PREGUNTAS

Acceso á videoacta **– 03:08:42 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900004139 o día 19 de xuño de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:08:49 horas**

Lee a pregunta a Sra. Díaz Baldomir.

“A Sra. alcaldesa dixo recentemente que pedira varios informes para coñecer a situación real do funcionamento dos Servizos Sociais de Cambre, informes que a data 19.06.2026 cónstannos que non foron solicitados. Visto a situación e coñecendo que o pasado venres estivo a inspectora de Servizos Sociais nas dependencias municipais, ¿pode informarnos das medidas urxentes que vai a tomar o goberno para recuperar o normal funcionamento do departamento de Servizos Sociais?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Díaz Baldomir, a Sra. alcaldesa e a Sra. Prieto Lamas.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:16:45 horas**

A Sra. alcaldesa manifesta que se dá por contestada. Interveñen o Sr. González Leirós, a Sra. alcaldesa e o Sr. Vázquez Pérez.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:17:54 horas**

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

“A canto ascenden os xuros e costas que tivo que asumir o concello ata o día de hoxe por procedementos xudiciais perdidos polas demandas por impago de facturas (a suma total)?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Interveñen a Sra. alcaldesa e a Sra. Prieto Miramontes.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900004138 o día 19 de xuño de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:18:57 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy.

«Segundo consta no Portal de Transparencia municipal, a última “Relación de camiños incluída non Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre” corresponde ao acordo plenario do 25 de febreiro de 2021. Dado o tempo transcorrido desde entón e a importancia de manter actualizado o inventario de bens municipais, ten previsto o goberno local iniciar unha nova revisión e actualización do inventario de camiños públicos? En caso afirmativo, cal é o calendario previsto para a súa tramitación e aprobación?»

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:19:39 horas

O Sr. Alcantarilla Rei retira a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:19:54 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Nas pasadas Comisións Informativas, o goberno municipal indicou que as actividades físicas e de saúde comezarían no mes de setembro. Ata o de agora, este programa viña desenvolvéndose con carácter anual, de xaneiro a decembro.

Este cambio de inicio xéranos dúbidas sobre a planificación e continuidade do servizo.

Por iso, preguntamos: As actividades físicas e de saúde van manter o calendario anual habitual (de xaneiro a decembro) adaptado a este novo inicio en setembro, ou trátase unicamente dunha programación limitada de tres meses, coa intención de volver licitar ou ofertar o programa novamente en xaneiro?

Agradecemos que se nos aclare se este cambio implica unha modificación do modelo de xestión ou simplemente un axuste puntual do calendario.”

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900004140 o día 19 de xuño de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:21:10 horas**

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

“Véñense reiterando comentarios e queixas, no ámbito cultural, deportivo de Cambre diante da falta de asistencia por parte de membros do goberno municipal, tanto de quen ostenta a alcaldía, senón tamén dos concelleiros delegados doutras áreas, ás citas do calendario festivo das áreas que aquí se mencionan nos actos significados, onde se ven desprotexidos/as do apoio institucional obrigado.

Cales son as normas que segue este goberno do PP para a asistencia aos actos? Teñen vostede prevista unha calendarización, ou un reparto nesas funcións, ou entenden que o seu labor remata o venres as 13:30 en horario de verán?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Louro López e a Sra. Espiñeira Galán.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:24:34 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

«En temas urbanísticos Cambre vive na total incerteza, e nos como concelleiros/as estamos na mesma situación. Xa falamos moitas veces neste pleno o que isto significa para a vida dos/as nosos/as concidadáns/ás, tanto economicamente como emocionalmente.

Debe ser moi difícil manexar as vidas que dependen moitas veces de se “a ver” co Plan Xeral de Urbanismo poden, ou non poden levar a cabo a construción da súa vivenda en terreos propios, ou tomar outras decisións.

Vostedes diante das nosas preguntas seguen sen dar explicacións, e sobre todo sen convocar a comisión especial de urbanismo que trata de este asunto, incumprindo de xeito reiterado os acordos aos que chegaron con nós na corporación mediante pleno, pero sobre todo mentindo á cidadanía, que seguen esperando de xeito inútil.

Cal é a explicación, para que non se aborde dunha vez este atranco, e así poderlle dar solución, e tamén as explicacións que merece toda a veciñanza?»

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:26:35 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“A oferta cultural e de ocio de calidade no noso concello é raquítica, contando con que nin temos un auditorio para levar a cabo ese tipo de actos, pero se a iso sumamos que cando chegan ofertas doutras administracións para que os concellos se poidan acoller a eses programas, nin sequera se presenta a solicitude, éntranos a dúbida, de en que se ocupa realmente este goberno. Poñemos por exemplo o programa da deputación para cursos de iniciación a lingua galega para residentes non nados na Galicia.

A señora concelleira ante a nosa pregunta en comisións informativas refire que lle dixeran no departamento que non a podían asumir, pero sen que soubera de certo cales eran os motivos.

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non é a primeira vez que acontece algo semellante, co cal estamos desbotando axudas programadas e dirixidas onde unicamente hai que adherirse.

Cal é o protocolo para seguir as canles axeitadas nas redes de ofertas doutras administracións e así mellorar a vida da nosa veciñanza?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Espiñeira Galán.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900004143 o día 19 de xuño de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:31:24 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

"Cales son os avances respecto da reparación dos locais de ensaio?"

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta. Intervén o Sr. Varela Fraguío.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:31:50 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

"Cal e a previsión para avanzar nos diferentes proxectos pendentes do POS?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: tA9UKJPYQTAF2qzoM9up Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/